


# PEZA DO MES

novembro

2009



## **MOSAICO DE A CIGARROSA**

HISTORIA DUN ACHADO



GRUPO "OS ESCARBADORES" 1969. FOTO DE RAGAR (RAMÓN GARCÍA)


## MOSAICO DE A CIGARROSA.

Nos primeiros días de abril de 1896, aparece na prensa local de Ourense a noticia da descuberta dunha sepultura nun predio de don Ignacio González, sito na marxe esquerda do río Sil, no termo de Pombar, Valdeorras. A raíz da nova, membros da Comisión de Monumentos desprázanse o 23 de maio ata Petín a visitar a finca, onde puideron comprobar que na sepultura, que se descubrira un mes antes, a carón dos restos humanos aparecera un vaso de arxila gris, roto polos operarios, unha medalla de bronce que non conseguiron ver e un *crinale*, que gardaba dona Benita González e que regalou ó Museo. No cumprido informe que dan a coñecer seguidamente, indícase que no curso da visita os membros da Comisión se informaron doutras descubertas realizadas nunha finca próxima, propiedade de don Manuel Arias, no término da Cigarrosa, lugar que visitan na compañía do propietario que lles sinala un punto concreto, e, a pesares de estar sementado, autorízalles á realización dunhas sondaxes.

Os traballos que comezan o 25 de maio, permiten a localización dun mosaico de tema mariño que cubría o pavimento e os muros dunha estancia cuadrangular á que se acedía por unha escalinata. As paredes exteriores desta estrutura estaban decoradas por un zócalo axadrezado formado por teselas grandes de diferentes cores. Diante da imposibilidade de traelo para o Museo, logo de recoller algunhas mostras puntuais que inclúen dous fragmentos dun gran vaso cerámico, e tres anacos de mosaico, vólvese a cubrir

e encarecésele ó propietario a súa conservación, ao que se compromete o interesado. Polo que parece o achado arqueolóxico convértese en asunto familiar, xa que en 1972, con ocasión das obras da traza do chamado "acceso centro a Galicia", don Alfonso Arias Fernández, titular dos predios, e polo apelido, parente do anterior, comparece e informa ó Director da obra da existencia dos mosaicos, como logo veremos.

Pasados os anos, a mediados de maio de 1969, a *Sociedad Filatélica y Arqueológica de Valdeorras*, asociación na que se encadraba un grupo de afeccionados da arqueoloxía que se denominaba "Os Escarbadores", coa supervisión e apoio do Museo, localizan outro mosaico de similares características ao achado en 1896, "entre el Puente de la Cigarrosa y la carretera de Quiroga" como relata Joaquín Gurriarán. Este segundo mosaico apareceu, como no caso anterior, dentro dun recinto case cadrado ao que se baixaba por medio de tres chanzos e tamén, igual que o outro, a súa temática era mariña. Do importante descubrimento infórmase aos medios de comunicación e ao director do Museo, don Xesús Ferro Couselo quen se despraza ata o lugar xunto co seu colaborador don Xaquín Lorenzo, adoptándose diversas medidas tendentes á protección e conservación do mosaico descuberto, mesmo suxerindo que se arrincase para trasladalo ó Museo. Pero, sen ter una resposta do Ministerio sobre a proposta do levantamento, o Concello da Rúa comprométese a cercalo e exercer a debida vixilancia. A falta de medios, as envexas e liortas locais fan que as promesas se esquezan axiña, e xa no mes de xuño seguinte téñense noticias de ter sufrido o mosaico importantes estragos, e pouco despois dáse case por perdido.



DEBUXO DO MOSAICO DE 1896

Con todo, comezan a publicarse diversos estudos sobre os mosaicos descubertos. Primeiro Balil Illana, quen chama a atención sobre a existencia dun obradoiro que desenvolve a súa actividade en Galicia; logo Acuña Castroviejo nun estudo sobre os mosaicos en Galicia. Cando se estaba dando a coñecer a súa importancia e significado, a zona vese afectada de cheo pola traza dunha nova vía de comunicación pública: o acceso centro pola marxe esquerda do río Sil.

É, neste momento previo ós traballos, o 7 de novembro de 1972, como xa sinalamos, cando don Alfonso Arias Fernández, propietario dos predios da Cigarrosa informa, ao enxeñeiro dos traballos do acceso centro de Galicia, da existencia de restos arqueolóxicos nos citados predios. Polas mesmas datas, o citado enxeñeiro diríxese ó Museo solicitando información e remitindo planos para que se sinale a súa situación exacta. A pesares da resposta coa localización dos restos os traballos proseguiron, xa que dende o Ministerio de Obras Públicas hai un interese político en non paralizar as obras, como se desprende dos sucesivos oficios que chegan ao Museo dende o Goberno Civil.

O Museo, ó non ter capacidade de evitar a desfeita, e como único recurso, fai chegar informacions ós medios de comunicación. E así, *La Voz de Galicia* publica unha información de impacto sobre os danos producidos nos mosaicos da Cigarrosa, quen dá a voz de alarma o 9 de setembro do 73.

Ante as informacions publicadas, realízanse novas xestións, e o Gobernador Civil informa ó Director do Museo: *"...según los informes recibidos... el mosaico desapareció antes del replanteo de las obras, no existiendo en la actualidad ningún resto del mismo..."*; ao mesmo tempo que se solicita un informe de Bellas Artes. As xestións ante a Dirección General de Bellas

Artes fructifican e dous mosaistas de Mérida trasládanse á Rúa para intervir e recuperar os mosaicos, solicitando, ó tempo, a paralización dos traballos cando menos durante oito días.

Os mosaistas traballan agoniados polas presas, pero con todo recollen varios mosaicos completos. Dous deles de composición xeométrica, localizados a uns 60 m ao leste aproximadamente do atopado en 1969, e do que tamén se recollen os restos que aínda quedan del, e fan catas noutros, sen especificar o seu número, xa que a maioría foran destruídos polas escavadoras que traballaban na obra, ata o punto de que o director do Museo debe instar novamente o día 2 de novembro de 1973 á paralización temporal, alomenos mentres traballan os técnicos.

O Concello da Rúa de acordo coa dirección do Museo, solicita facerse cargo dos restos e expoñelos dignamente, e así se acorda, pero ó pouco tempo, cámbianse de lugar e son obxecto de maltrato, desprazándoos ata unha rúa interior preto do matadoiro.

Diante das novas que se reciben e despois de avisar telefonicamente, Ferro desprázase o 10 de maio de 1974 á Rúa para recoller os mosaicos que se encontraban maltreitos e desfeitos a carón dos muros do citado matadoiro, despois de ser arroxados contra a tapia de peche do citado edificio. E diste xeito, Ferro, desolado, recolle os fragmentos que se puideron recuperar, ingresándoos nas coleccións do Museo, onde recentemente foron de novo restaurado.... E son as únicas testemuñas dun gran complexo termal de finais do século III ou comezos do IV segundo Acuña Castroviejo; situado nun lugar privilexiado, onde se dan a oliveira, a vide e o castiñeiro, e que no meu imaxinario recórdame a cor dourado e verde das terras da Toscana. E que ben puidera ser *Forum Cigarrorum* das fontes clásicas.






FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana— da que quedan algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web:**  
<http://www.musarqourense.xunta.es>

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En tanto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

### O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9,30 a 14,30h  
16,00 a 21,00h  
domingo: 9,30 a 14,30h  
luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

**Horario de atención ao público:** de luns a venres, de 9,30h a 14,30h e de 16,00h a 20,30h

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.  
TEXTO: Ana María Veiga Romero.  
FOTOGRAFÍA: Fernando del Río. Ragar (Ramón García).  
MAQUETA: Araceli Gallego.  
ISSN: 1579-9956  
Depósito Legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E TURISMO